



CUESTIÓNS TEÓRICAS

Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a responder:

Por favor, cubra sus datos antes de comenzar a responder:

Nome e apelidos
Nombre y apellidos

DNI:


Sinatura:
Firma:

Probas de constatación da competencia profesional para xestor de transporte

MERCADORÍAS MAÑÁ MODELO B 07/05/2017

-GALEGO-

PUNTUACIÓN: no test, cada acerto vale 0,04 puntos; cada fallo resta 0,02. Na parte práctica, cada un dos seis supostos vale 1 punto. Para aprobar o exame é necesario conseguir como mínimo un 2 no test, un 3 na parte práctica e que a suma das dúas partes sexa como mínimo dun 6.



**Dé la vuelta al folleto
para disponer del examen en
CASTELLANO**



01. Unha vez realizado o servizo de transporte internacional de mercadorías, a autorización bilateral de tipo "á viaxe", cando hai que devolvela á Administración?

- a) No trimestre natural seguinte á terminación do transporte.
- b) No prazo máximo dun mes a partir da data de terminación do transporte.
- c) Aos 8 días de realizarse o servizo de transporte.
- d) Non hai que devolvela.

02. Cal é a mellor forma de trasladar aos feridos dun accidente de tráfico?

- a) En taxi.
- b) En ambulancia.
- c) En moto.
- d) En camión.

03. Con que nome se coñece o documento aduaneiro uniforme que permite a importación temporal de mercadorías nos países adheridos ao convenio que o regula, sen ter que pagar dereitos aduaneiros?

- a) Caderno TIR.
- b) Caderno CMR.
- c) Caderno ATA.
- d) Certificado de circulación.

04. Dos que se citan, que elemento pertence á instalación de freos pneumáticos?

- a) O compresor.
- b) O servofreo.
- c) A correa da distribución.
- d) A batería.

05. Nun transporte nacional de mercadorías por estrada, cando comezará a contarse o prazo de prescrición para as accións de reclamación do prezo do transporte?

- a) Unha vez transcorrido un mes a partir da celebración do contrato de transporte.
- b) Unha vez transcorridos dous meses a partir da celebración do contrato de transporte.
- c) Unha vez transcorridos tres meses a partir da celebración do contrato de transporte.
- d) A partir do día da chegada do vehículo ao destino.

06. Canto tempo debe conservarse o documento de control dos envíos de transporte de mercadorías por estrada?

- a) O que dure a viaxe e 7 días máis a disposición da Inspección do Transporte Terrestre.
- b) Durante 1 ano a disposición da Inspección do Transporte Terrestre.
- c) Exclusivamente o que dure a viaxe.
- d) Durante o tempo que medie ata a celebración do próximo visado.

07. Admítese que a obriga de expedir factura sexa cumprida materialmente polo destinatario da operación en lugar de por o empresario obrigado a iso?

- a) Si.
- b) Si, pero debe haber un acordo escrito entre o empresario que realiza a operación e o destinatario.
- c) Si, pero só en determinados sectores de actividade económica.
- d) Non.

08. Que é a xunta xeral nunha sociedade anónima?

- a) A reunión de fundación da sociedade.
- b) Unha reunión de acredores.
- c) Unha reunión de socios.
- d) A reunión dos obrigacionistas.

09. A quen se aplica a Lei do Estatuto dos Traballadores?

- a) Aos suxeitos que realizan prestacións persoais obrigatorias.
- b) Aos traballadores que voluntariamente presten os seus servizos retribuídos por conta allea e dentro do ámbito de organización e dirección dun empresario.
- c) Aos funcionarios públicos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. Computa o propio empresario como persoal empregado a efectos da aplicación do réxime simplificado do IVE?

- a) Si, sempre.
- b) Si, pero só se non ten ningún empregado.
- c) Si, pero só se non ten máis de dous traballadores asalariados.
- d) Non, nunca.



11. No transporte de mercadorías perigosas, a que corresponde unha etiqueta de fondo vermello cunha chama negra e a cifra 3 na esquina inferior?

- a) A un produto explosivo.
- b) A un líquido inflamable.
- c) A un líquido contaminante.
- d) A un sólido inflamable.

12. Que tipo de centros poden impartir os distintos cursos de formación do CAP (Certificado de Aptitude Profesional)?

- a) Unicamente as autoescolas.
- b) Unicamente os centros de formación autorizados para ese efecto pola Administración.
- c) Calquera centro de formación que teña licenza de apertura.
- d) Os cursos de formación inicial só poden realizarse nunha autoescola, e os de formación continua, en calquera centro autorizado.

13. Nun transporte sometido ao Convenio CMR, no caso de que o vehículo de estrada sexa transportado por mar, ferrocarril, vía navegable interior ou aire nunha parte do seu percorrido, sen ruptura de carga, aplicaranse as normas do Convenio CMR ao conxunto do transporte?

- a) Aplicarase o Convenio CMR só ao percorrido por estrada.
- b) Aplicarase o Convenio CMR só ao percorrido terrestre (ferrocarril-estrada).
- c) Aplicarase o Convenio CMR aos percorridos efectuados por calquera modo de transporte, excepto o aéreo.
- d) Aplicarase o Convenio CMR á totalidade do percorrido, como norma xeral, deixando a salvo determinados supostos.

14. Que características teñen os dispositivos de presinalización de perigo?

- a) Nun círculo con bordos vermellos.
- b) Nun triángulo con bordos vermellos.
- c) Nun círculo con bordos amarelos.
- d) Nun triángulo con bordos amarelos.

15. Que é unha factura?

- a) Unha conta detallada dunha venda ou outra operación mercantil, con expresión do número, prezo e impostos.
- b) Unha nota de entrega da mercadoría, co IVE.
- c) Un albará onde se recollen os pedidos dun cliente.
- d) O documento polo que se reclama a un cliente unha cantidade.

16. Que se considera feito imponible nas contribucións especiais?

- a) Os ingresos obtidos por unha persoa física.
- b) Os ingresos obtidos por unha sociedade limitada.
- c) A compra dun camión.
- d) A obtención dun beneficio a consecuencia da realización dunha obra pública.

17. Contra quen se dirixe a acción de regreso na letra de cambio ou no cheque?

- a) Librador, endosantes ou os seus avalistas.
- b) Diñeiro de caixa.
- c) Aceptante ou os seus avalistas.
- d) Librador e endosantes.

18. Se o contido da póliza difire da proposición de seguro ou das cláusulas acordadas, en que prazo o tomador do seguro poderá reclamarlle á entidade aseguradora?

- a) 15 días desde a entrega da póliza.
- b) Un mes desde a entrega da póliza.
- c) Dous meses desde a entrega da póliza.
- d) Tres meses desde a entrega da póliza.

19. Durante o período de proba, pode calquera das partes pedir a extinción da relación laboral?

- a) Non, só pode pedila o traballador que está a proba.
- b) Si, pode pedila tanto o empresario como o traballador.
- c) Ningunha das respostas anteriores é certa.
- d) É unha decisión exclusiva do empresario.

20. Nas Sociedades de garantía recíproca, para que poidan constituírse validamente, como debe estar o seu capital?

- a) Totalmente subscrito e desembolsado nunha cuarta parte.
- b) Totalmente subscrito e desembolsado.
- c) Subscrito nun 50% e desembolsado nun 33%.
- d) Subscrito e desembolsado ao 50%.



21. No caso de concurso por insolvencia, pode o debedor conservar as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio?

- a) Como norma xeral, en ningún caso.
- b) Como norma xeral, si, sempre.
- c) Conservaraas unicamente no caso de concurso necesario.
- d) Como norma xeral conservaraas no caso de concurso voluntario.

22. Cal é en España o ámbito territorial de aplicación do Imposto sobre o Valor Engadido?

- a) A Península e as Illas Baleares.
- b) A Península, as Illas Baleares e as Illas Canarias.
- c) Só as illas.
- d) A Península e Ceuta e Melilla, exclusivamente.

23. Cando debe realizarse a alta dos empresarios no Réxime Xeral da Seguridade Social?

- a) No prazo dun mes desde o inicio da actividade.
- b) Antes do inicio da actividade.
- c) No momento en que se produza o primeiro accidente laboral dun traballador.
- d) Nos quince días seguintes ao comezo da actividade.

24. Quen deben levar a contabilidade nas empresas, segundo reflíctese no Código de Comercio?

- a) Calquera persoa con formación na materia.
- b) Os empresarios ou persoas debidamente autorizados para iso.
- c) Un delegado nomeado pola Administración de Facenda correspondente.
- d) Un auditor de contas.

25. Como poderá realizarse o pagamento da débeda tributaria correspondente ao Imposto sobre Sociedades?

- a) Mediante a entrega de bens inmobles da empresa.
- b) Mediante a entrega de diñeiro, exclusivamente.
- c) Mediante a entrega de bens integrantes do Patrimonio Histórico Español.
- d) Ningunha das anteriores.

26. Que consecuencia levará o incumprimento dos traballadores das obrigas legais en materia de prevención de riscos?

- a) Terá a consideración de incumprimento laboral, e pode ser sancionado polo empresario.
- b) Liberará o empresario do cumprimento do seu deber nesta materia.
- c) Terá a consideración de incumprimento laboral, sen que poida ser sancionado polo empresario, pero o Inspector de Traballo si podería sancionarlle.
- d) Non se considerará como incumprimento laboral.

27. Nun vehículo, que conserva as características esenciais dos turismos, que estea disposto para o transporte de mercadorías cunha masa máxima autorizada de ata 3.500 quilogramos, é obrigatorio utilizar cintos de seguridade?

- a) Si, polo condutor e os pasaxeiros.
- b) Só os ocupantes dos asentos dianteiros.
- c) Soamente cando circulan con carga.
- d) Non, en ningún caso.

28. Nun transporte nacional de mercadorías por estrada, cando se poderá esixir o pago do prezo do transporte en caso de concertarse este a porte pagado?

- a) Unha vez terminada de cargar a mercadoría no vehículo.
- b) Unha vez cumprida a obriga de transportar e postas as mercadorías a disposición do destinatario.
- c) Ao comezo da viaxe.
- d) Oito días despois de que o destinatario comprobe que a mercadoría chegou en condicións.

29. Que condición tense que cumprir para que se permita realizar o curso de formación continua do CAP (Certificado de Aptitude Profesional) en períodos descontínuos?

- a) Debe impartirse o curso nun mesmo centro autorizado.
- b) Debe realizarse o curso dentro dun mesmo ano natural.
- c) Cada período descontínuo debe ser de polo menos 7 horas.
- d) Deben cumprirse todos e cada un dos requisitos anteriores.

30. Que son os convenios colectivos?

- a) Son acordos entre o Ministerio de Traballo e os representantes dos empresarios.
- b) Son acordos entre o Ministerio de Traballo, os representantes dos traballadores e os representantes dos empresarios.
- c) Son o resultado da negociación entre os representantes dos traballadores e dos empresarios.
- d) Son acordos entre o Ministerio de Traballo e os representantes dos traballadores.



31. Os vehículos ou conxuntos de vehículos cunha lonxitude superior a doce metros deberán levar:

- a) unha placa rectangular con franxa vermella e fondo de cor amarela, colocada na parte posterior.
- b) un panel cadrado cun triángulo amarelo inscrito.
- c) unha placa rectangular con franxa vermella e fondo de cor amarela, colocada na parte dianteira.
- d) a inscrición de forma visible "vehículo extra longo".

32. No Convenio CMR, como se certifica a carta de porte electrónica?

- a) Mediante unha firma electrónica.
- b) Mediante unha firma autógrafa.
- c) O Convenio CMR non admite a carta de porte electrónica.
- d) Pódese certificar indistintamente mediante firma electrónica ou firma autógrafa.

33. Onde radican os Rexistros Mercantís?

- a) Nos xulgados das poboacións con máis de 100.000 habitantes.
- b) Nos xulgados das poboacións con máis de 100.000 habitantes, en todas as capitais de provincia, e en Ceuta e Melilla, e nas embaixadas.
- c) Nas oficinas propias establecidas nas capitais de provincia e noutras poboacións onde regulamentariamente se dispoña.
- d) Nas capitais das Comunidades Autónomas.

34. Respecto do medio ambiente, que regula a lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria?

- a) A utilización de tubos de escape especiais.
- b) Os efectos da contaminación na saúde das persoas.
- c) A emisión de gases e de rúidos por encima das limitacións que regulamentariamente se establezan.
- d) Os controis de homologación dos vehículos.

35. Que se pode arrendar?

- a) Unicamente os inmobles.
- b) Cousas, obras e servizos.
- c) Cousas e obras.
- d) Vivendas e leiras agrícolas soamente.

36. Que información proporciona a conta de perdas e ganancias?

- a) A evolución dos bens, dereitos e obrigas.
- b) A xestión económica da empresa.
- c) O estado da tesourería da empresa.
- d) O valor do Patrimonio Neto e do Activo.

37. Inclúe o seguro de transportes terrestres os danos que se causen ao vehículo?

- a) Si, cando os danos ocorren durante a viaxe.
- b) Si.
- c) Só se transportaban con exceso de carga.
- d) Non.

38. Se demostro ante a Administración a posesión dos coñecementos necesarios para o exercicio da actividade de transportista, que requisito se me recoñecerá como cumprido?

- a) Honorabilidade.
- b) Capacidade financeira.
- c) Acceso ao mercado.
- d) Competencia profesional.

39. A modificación dos datos que figuran nunha tarxeta de transporte público de mercadorías, por sufrir modificacións as características do vehículo ao que estea referida, requirirá previamente que dita modificación de características sexa autorizada polos órganos competentes en materia de:

- a) interior e transportes.
- b) transportes e medio ambiente.
- c) transportes e traballo.
- d) industria e tráfico.

40. En que repercutirá o mantemento preventivo do vehículo?

- a) Nun maior desgaste dos pneumáticos.
- b) Nunha diminución da seguridade pasiva do vehículo.
- c) Nun incremento dos custos do servizo.
- d) Nunha diminución das avarías.



41. A velocidade para non entorpecer a marcha normal doutros vehículos circulando non deberá ser inferior a:

- a) 60 quilómetros por hora en calquera tipo de estrada.
- b) 60 quilómetros por hora en autoestradas e autovías.
- c) 60 quilómetros por hora en autovías e estradas dunha soa calzada.
- d) a metade da xenericamente establecida para autovías e vías rápidas.

42. Nun contrato de mudanza, de que prazo dispón o destinatario para manifestar os seus reservas por escrito ao carrexador, no caso de perdas e avarías non aparentes?

- a) 24 horas.
- b) Hai que reclamar ao momento.
- c) 7 días hábiles.
- d) 7 días naturais.

43. Cando o condutor dun vehículo, dedicado á realización de transportes de mercadorías, sexa nacional dun terceiro país non pertencente á Unión Europea, que documentación precisa ter?

- a) Non poderá conducir en España ata que dispoña dun permiso de condución expedido polas autoridades españolas.
- b) Para conducir en España bastará que acredite dispoñer dun permiso de condución expedido en calquera país da Unión Europea.
- c) Necesitará un permiso de conducir válido e un certificado de condutor.
- d) Abonda con que dispoña de calquera permiso de condución.

44. Onde se solicita a licenza de obras para a adecuación dun local de negocio?

- a) No Rexistro Mercantil do domicilio da empresa.
- b) Na Administración de Facenda.
- c) No concello.
- d) No órgano da Comunidade Autónoma competente en materia laboral.

45. Que pagos fraccionados deben realizar a Facenda os empresarios suxeitos ao réxime de estimación directa do IRPF?

- a) Deben realizar tres pagos fraccionados ao ano a conta da declaración anual.
- b) Realizarán ingresos nos meses de maio, xuño e setembro.
- c) Ingresarán o 30% da diferenza entre os ingresos computables e os gastos deducibles.
- d) Deben realizar catro pagamentos fraccionados a conta da declaración anual.

46. A masa máxima autorizada permitida para a circulación dun remolque de tres eixes é de:

- a) 38 toneladas.
- b) 24 toneladas.
- c) 26 toneladas.
- d) A especificada no seu permiso de condución.

47. Que cualificación tería a infracción consistente na realización de transporte privado complementario en vehículo pesado carecendo de autorización de transporte?

- a) Moi grave.
- b) Moi grave ou grave, segundo os casos.
- c) Grave.
- d) Leve.

48. Que imposto grava ao empresario de transportes constituído en sociedade anónima?

- a) Imposto sobre Sociedades.
- b) Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, na modalidade de estimación directa.
- c) Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, na modalidade de estimación obxectiva por signos.
- d) Exclusivamente o Imposto sobre o Valor Engadido e o Imposto de Actividades Económicas.

49. Cales das seguintes fontes de financiamento non pertencen ao Pasivo propio?

- a) Capital social.
- b) Reservas.
- c) Empréstitos de obrigas.
- d) Perdas e Ganancias.

50. Que órgano da Administración Pública ten encargada a xestión recadadora das cotas da Seguridade Social?

- a) A Inspección de Traballo e da Seguridade Social en cada provincia.
- b) A Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- c) Conxuntamente a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o INEM.
- d) O Instituto Nacional da Seguridade Social.



51. Nun transporte nacional de mercadorías por estrada, como debe realizar o destinatario a notificación de reservas por deterioración da mercadoría?

- a) Por escrito.
- b) Por escrito e ante notario.
- c) Abonda con que se faga verbalmente.
- d) Por escrito cando se formalizou a carta de porte e verbalmente cando o contrato de transporte non conste por escrito.

52. Son suxeitos pasivos do imposto sobre Actividades Económicas os empresarios de transporte que exerzan a súa actividade en territorio nacional?

- a) Si.
- b) Si, pero só os nacionais.
- c) Non, nunca.
- d) Só en determinados supostos.

53. Cal é o prazo normal de rehabilitación das autorizacións de transporte privado complementario de mercadorías caducadas por falta de visado?

- a) Tres meses desde a finalización do prazo en que deberon ser visadas.
- b) Seis meses desde a finalización do prazo en que deberon ser visadas.
- c) Un ano desde a finalización do prazo en que deberon ser visadas.
- d) As autorizacións caducadas por falta de visado non poderán ser rehabilitadas.

54. Denomínanse autorizacións multilaterais de transporte internacional de mercadorías aquelas que:

- a) permiten realizar servizos de transporte en máis de dous países diferentes, incluído o transporte interior.
- b) só habilitan a realizar transporte de ámbito comunitario.
- c) habilitan para realizar transporte cara a ou desde calquera Estado membro da organización internacional que encomenda a España a súa distribución, ou permiten o tránsito a través deles.
- d) permiten a utilización simultánea de dous ou máis vehículos para transportar entre dous países.

55. Cal é, con carácter xeral, o tipo de gravame do Imposto sobre Sociedades para os períodos que se inicien a partir de 2016?

- a) O 50%.
- b) O 40%.
- c) O 25%.
- d) O 20%.

56. Cal é o ámbito de responsabilidade do transportista nun transporte suxeito ao Convenio CMR?

- a) O transportista responderá dos seus propios actos, exclusivamente.
- b) O transportista responderá dos seus propios actos e dos dos seus empregados, exclusivamente.
- c) O transportista non responderá dos actos doutras persoas a cuxo servizo recorra para a execución do transporte.
- d) O transportista responderá dos seus propios actos, dos actos dos seus empregados e dos de terceiras persoas ás que recorra para a execución do transporte.

57. Que é un dumper?

- a) Camión basculante de construción moi reforzada, de gran manobrabilidade e apto para todo terreo.
- b) Vehículo provisto dun mecanismo que permite elevar e/ou virar a caixa para efectuar a descarga.
- c) Vehículo cuxa plataforma de carga ten unha altura moi reducida.
- d) Vehículo cuxa cabina está integrada na carrozaría.

58. Cal dos seguintes elementos non pertence ao Activo dunha empresa?

- a) Reservas.
- b) Diñeiro de caixa.
- c) Maquinaria.
- d) Edifícios.

59. Segundo a normativa vixente, considéranse estradas:

- a) as vías interurbanas proxectadas e construídas fundamentalmente para a circulación de vehículos automóbiles.
- b) as vías de dominio público ou privado proxectadas e construídas fundamentalmente para a circulación de vehículos automóbiles.
- c) as vías de dominio e uso público proxectadas e construídas fundamentalmente para a circulación de vehículos automóbiles.
- d) os camiños de servizo, entendendo por tales os construídos como elementos auxiliares ou complementarios das actividades específicas dos seus titulares.



60. Que medidas debe adoptar o tomador do seguro, ou o asegurado, despois de ocorrido un accidente?

- a) Debe comunicar o sinistro.
- b) Debe reclamar ao outro implicado no accidente.
- c) Non debe adoptar ningunha medida ata que apareza o perito da compañía.
- d) Debe anotar as circunstancias do mesmo.

61. Que é un porto seco?

- a) Unha terminal intermodal situada no interior do país, con ligazón directa a un porto marítimo.
- b) Unha terminal intermodal situada na zona máis interior dun porto.
- c) Un porto marítimo con augas pouco profundas.
- d) Un porto marítimo no que chove pouco.

62. A que se contrapón o ingreso en Contabilidade?

- a) A consumo.
- b) A gasto.
- c) A pagamento.
- d) A saída.

63. Segundo determinan as condicións xerais de contratación, quen é o responsable das operacións de entoldado e desentoldado do vehículo?

- a) O expedidor.
- b) O cargador
- c) O carrexador.
- d) O consignatario.

64. Cales son os tipos fundamentais de declaracións no sistema INTRASTAT?

- a) Detalladas, simplificadas e recapitulativas.
- b) Completas e incompletas.
- c) De transporte interior e de transporte internacional.
- d) Normais, complementarias e rectificativas.

65. Con que nome se coñece o sistema de notificación electrónica dos accidentes laborais?

- a) Alfa.
- b) Beta.
- c) Gamma.
- d) Delt@.

66. Que se precisa para realizar as actividades de transitario?

- a) Cumprir os mesmos requisitos que as axencias de viaxes.
- b) Estar en posesión da correspondente autorización administrativa.
- c) Non é necesario contar con autorización administrativa.
- d) Basta con cumprir o requisito da honorabilidade.

67. Pódense considerar as pausas como descansos diarios, para os efectos do Regulamento (CE) 561/2006?

- a) Si, pero só as que teñan unha duración superior aos 30 minutos.
- b) Si, pero só as que teñan unha duración superior aos 15 minutos.
- c) Si, en todos os casos.
- d) Non, nunca.

68. Quen é o suxeito pasivo do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais nas transmisións de bens e dereitos?

- a) O comprador.
- b) O vendedor.
- c) O intermediario.
- d) A Xefatura Provincial de Tráfico.

69. Quen asume a responsabilidade nun suposto de transporte sucesivo de mercadorías por estrada de ámbito nacional?

- a) Só o último carrexador.
- b) Só o primeiro carrexador.
- c) Todos os carrexadores que interviñesen responden da execución íntegra, de acordo coa carta de porte.
- d) Só o carrexador que teña a mercadoría no momento en que se descobre o dano.

70. Antes de iniciar a mudanza, o carrexador:

- a) poderá presentar un orzamento escrito ao cargador.
- b) deberá realizar un inventario dos bens obxecto da mudanza.
- c) deberá presentar un orzamento escrito ao cargador.
- d) deberá realizar un orzamento e un inventario.



71. Poden amorearse dentro do vehículo os vultos que conteñan mercadoría perigosa?

- a) Non, nunca.
- b) Só se se trata de mercadorías de baixo perigo.
- c) Só se conteñen materia sólida de baixo perigo.
- d) Só se están deseñados para iso.

72. O sinal V-20 indica que a carga sobresa do vehículo:

- a) posteriormente.
- b) lateralmente.
- c) pola parte dianteira.
- d) de forma oblicua.

73. Que prezos se aplicarán na actividade de almacenistas-distribuidores?

- a) Os prezos son libres.
- b) Os establecidos nas tarifas vixentes.
- c) Hai soamente tarifas de referencia.
- d) Os que determina a Cámara de Comercio.

74. As autorizacións bilaterais de transporte internacional de mercadorías por estrada expediranse:

- a) a nome da empresa solicitante.
- b) para o vehículo que haxa de realizar a viaxe.
- c) a nome do condutor que vaia a conducir o vehículo que realice a viaxe.
- d) indistintamente, en calquera das tres modalidades sinaladas.

75. Que gasto non terá a consideración de deducible para a determinación do rendemento neto da actividade de transporte no sistema de estimación directa do IRPF?

- a) As sancións tributarias.
- b) A amortización do vehículo afecto á actividade.
- c) O combustible do vehículo afecto á actividade.
- d) Todas as anteriores son verdadeiras.

76. As licenzas comunitarias de transporte internacional de mercadorías:

- a) pódense transmitir libremente.
- b) serán intransmisibles, en todo caso.
- c) pódense transmitir, sempre que o adquirente sexa previamente titular doutras licenzas comunitarias.
- d) só se poden transmitir previa autorización do órgano competente.

77. Como poden ser os titulares das autorizacións de operador de transporte de mercadorías?

- a) Pode ser calquera persoa física, exclusivamente.
- b) Pode ser calquera persoa física ou xurídica.
- c) Pode ser calquera persoa física ou xurídica, sempre que reúna determinadas condicións de competencia profesional, honorabilidade, capacidade financeira e outros requisitos esixidos pola Lei.
- d) Pódense outorgar de forma conxunta a máis de dúas persoas físicas, sempre que reúnan determinadas condicións.

78. Que clase de imposto é o Imposto sobre Sociedades?

- a) Un imposto de natureza indirecta.
- b) Un imposto que grava o feito de constitución das sociedades.
- c) Un imposto que grava ás sociedades anónimas exclusivamente.
- d) Un imposto directo que grava as rendas obtidas pola sociedade.

79. Que cualificación tería a infracción consistente en realizar transporte de mercadorías perigosas utilizando envases ou embalaxes gravemente deterioradas, que presenten fugas ou que carezan dalgún dos requisitos técnicos esixidos?

- a) Moi grave.
- b) Moi grave ou grave, segundo os casos.
- c) Grave, en todos os casos.
- d) Leve.

80. Cando poderá o inspector de traballo ordenar a paralización inmediata dos traballos ou tarefas?

- a) Cando se lle impida o acceso ao centro de traballo.
- b) Cando o empresario non achegue a documentación requirida.
- c) Cando comprobe que a inobservancia da normativa sobre prevención de riscos laborais implica, ao seu xuízo, un risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores.
- d) Cando non se avaliaron os riscos na empresa.



81. Nos convenios colectivos de empresa, quen representa á Administración durante a negociación?

- a) O Inspector de Traballo.
- b) Non ten que estar presente nin representada.
- c) O Director Provincial de Traballo.
- d) A autoridade autonómica competente, se a materia está transferida.

82. De quen é a obriga de documentar os envíos de mercadorías dun contrato de transporte por estrada?

- a) Do transportista efectivo cando non exista operador de transportes.
- b) Do expedidor e do transportista efectivo.
- c) Dos transportistas, operadores de transporte e usuarios de transporte.
- d) Do transportista efectivo e do cargador contractual.

83. Cando prescribe o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación?

- a) Aos 8 anos.
- b) Aos 6 anos.
- c) Aos 5 anos.
- d) Aos 4 anos.

84. Nunha carta de porte CMR inclúese unha cláusula na que se invirte a carga da proba. Como cualificaría esta cláusula o Convenio CMR?

- a) Esta cláusula é nula.
- b) Esta cláusula é válida, sempre que a acepten as dúas partes.
- c) Esta cláusula é válida, aínda que unha das partes néguese a aceptala.
- d) Esta cláusula é válida só no transporte por estrada, non no multimodal.

85. Segundo as regras do CSC (Convenio de Seguridade dos Colectores), cal é a validez das inspeccións dun colector posteriores á primeira?

- a) Indefinida.
- b) 10 anos.
- c) 5 anos.
- d) 2 anos.

86. É imprescindible estar inscrito no RETIM para poder realizar un servizo de transporte internacional de carácter público en vehículo pesado?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Depende do acordo bilateral ao que estea sometida a realización do transporte.
- d) Non, se se ten a competencia profesional como transportista internacional.

87. Cando o importe obtido na poxa ou na venda directa non alcance a pagar todos os gastos e dereitos, o Presidente da Xunta Arbitral de Transportes, que pagará en segundo lugar?

- a) Os dereitos e gastos de peritación.
- b) Os gastos de almacenaxe e actividades complementarias a este sempre que devanditos gastos sexan reclamados por unha empresa allea á Xunta Arbitral de Transportes.
- c) Portes debidos ao transportista.
- d) Os gastos soportados pola Xunta Arbitral como consecuencia destas actuacións.

88. Como se clasifican os créditos incluídos na lista de acredores, para efectos do concurso?

- a) Privilexiados, ordinarios e subordinados.
- b) Ordinarios, extraordinarios e limitados.
- c) Solidarios, mancomunados e comúns.
- d) Hipotecarios, privilexiados e ordinarios.

89. Son competentes as Xuntas Arbitrais de Transporte para resolver os conflitos por competencia ilícita xurdidos entre transportistas?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Si, previa autorización da Dirección Xeral de Transportes.
- d) Si, sempre que a competencia ilícita se base en cobro de prezo inferior á tarifa mínima.

90. Das seguintes competencias, cal é a que non ten o comité de empresa?

- a) Colaborar coa dirección da empresa para conseguir o establecemento de cantas medidas procuren o mantemento e o incremento da produtividade, de acordo con convenios colectivos.
- b) Ser informado de todas as sancións impostas aos traballadores da empresa.
- c) Emitir informe no caso de que a empresa se fusionase con outra, afectando o volume de emprego.
- d) Recibir información trimestral sobre a evolución probable do emprego na empresa, así como acerca das previsións do empresario sobre celebración de novos contratos.



91. Que se anotará no Libro rexistro de facturas expedidas?

- a) Anótanse, sempre una por unha, todas as facturas emitidas sen excepción.
- b) Anótanse todas as facturas emitidas, unha por unha ou mediante asentos resumos que se refiran, como máximo, ás operacións xeradas no mesmo mes natural e co mesmo tipo impositivo.
- c) Anótanse todas as facturas emitidas, unha por unha ou mediante asentos resumos que se refiran, como máximo, ás operacións do mesmo día e co mesmo tipo impositivo.
- d) Anótanse todas as facturas emitidas, unha por unha ou mediante asentos resumos que se refiran, como máximo, ás operacións dos últimos 10 días e co mesmo tipo impositivo.

92. Quen é o suxeito pasivo do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, na súa modalidade de transmisións patrimoniais onerosas?

- a) A cousa transmitida.
- b) O adquirente.
- c) O vendedor.
- d) A medias ambas as partes, sen que poida facerse pacto en contrario.

93. Como poden utilizarse as tarxetas de crédito?

- a) Como instrumento de pagamento.
- b) Como instrumento de crédito.
- c) Como ambos.
- d) Ningunha resposta é correcta.

94. En caso de transferencia dun vehículo, que organismo anotará no Rexistro de Vehículos ao adquirente como novo titular?

- a) O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
- b) A Xefatura Provincial de Tráfico.
- c) O Ministerio de Fomento.
- d) O concello respectivo.

95. Nun transporte internacional sometido ao Convenio CMR, se un transportista ten que aboar unha indemnización por perda total ou parcial da mercadoría, como será calculada a dita indemnización?

- a) Será calculada de acordo co valor da mercadoría en destino, como no transporte interior.
- b) Será calculada de acordo co valor que tiña a mercadoría no tempo e lugar en que o transportista se fixo cargo dela.
- c) Será calculada de acordo co prezo medio resultante de considerar os valores da mercadoría en orixe e en destino.
- d) Será calculada por peritos nomeados por ambas as partes.

96. No transporte nacional de mercadorías por estrada, que límite legal ten a indemnización que deberá abonar o carrexador en caso de perda ou avaría da mercadoría das que resulte responsable?

- a) Non poderá exceder dun cuarto do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples/día por cada quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.
- b) Non poderá exceder da metade do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples/día por cada quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.
- c) Non poderá exceder dun terzo do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples/día por cada quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.
- d) Non poderá exceder de 4,5 euros por quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.

97. Que tramites debe realizar un empresario para adquirir a condición de emprendedor de responsabilidade limitada?

- a) Inscribirse no Rexistro Mercantil.
- b) Anotar no Rexistro Mercantil o seu carácter de emprendedor de responsabilidade limitada.
- c) Anotar no Rexistro Mercantil a vivenda que non queda obrigada polas resultas da súa actividade empresarial.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

98. Está a construción de colectores sometida a normas e homologación?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Si, os destinados ao transporte aéreo.
- d) Só nos camiións cisternas.

99. Que significa o "beneficio de excusión" no contrato de fianza?

- a) Que o fiador non poderá ser obrigado a pagar se non se cobran previamente cos bens do debedor.
- b) Que o fiador poderá escusarse de pagar se o debedor non ten bens suficientes.
- c) Que o fiador poñerá en venda os bens do debedor e pagará co importe que tivese.
- d) Que o acredor e debedor acordan excluír ao fiador do pago das débedas.



100. Que significa en Contabilidade que unha conta ten saldo debedor?

- a) Que a empresa ten moito financiamento externo.
- b) Que a empresa debe unha cantidade.
- c) Que á empresa débenlle unha cantidade.
- d) Que a suma do Debe é maior que a do Haber.

Preguntas de reserva (só se corruxarán se se anula algunha das anteriores)

101. Que requisito non é necesario que cumpran os vehículos para poder ser adscritos a unha autorización de transporte de mercadorías?

- a) Ter capacidade de tracción propia.
- b) Estar matriculados e habilitados para circular.
- c) Non ter pendentes de aboamento ningunha sanción de tráfico.
- d) Acharse vixente a última inspección técnica periódica que legalmente lle corresponda.

102. Un transportista de mercadorías por estrada, que sexa titular dunha licenza comunitaria, estará autorizado para efectuar en réxime de cabotaxe:

- a) tres transportes por Estado membro nos tres días seguintes á entrada en baleiro no territorio do devandito Estado.
- b) dous transportes por Estado membro nos tres días seguintes á entrada en baleiro no territorio do devandito Estado.
- c) un transporte por Estado membro nos tres días seguintes á entrada en baleiro no territorio do devandito Estado.
- d) Non pode realizar ningún transporte de cabotaxe se entra en baleiro no Estado de acollida.

103. Cales son os prazos de presentación das declaracións trimestrais para un transportista acollido ao réxime de estimación obxectiva do IRPF?

- a) Desde o día 1 ata o 20 dos meses de abril, xullo e outubro, e desde o día 1 ata o 30 do mes de xaneiro.
- b) Desde o día 1 ata o 15 dos meses de abril, xullo e outubro, e desde o día 1 ata o 25 do mes de xaneiro.
- c) Desde o día 1 ata o 20 dos meses de abril, xullo e outubro, e desde o día 1 ata o 31 do mes de xaneiro.
- d) Desde o día 1 ata o 15 dos meses de abril, xullo e outubro, e desde o día 1 ata o 30 do mes de xaneiro.



100. ¿Qué significa en Contabilidad que una cuenta tiene saldo deudor?
a) Que la empresa tiene mucha financiación externa.
b) Que la empresa debe una cantidad.
c) Que a la empresa le deben una cantidad.
d) Que la suma del Debe es mayor que la del Haber.

Preguntas de reserva (solo se corregirán si se anula alguna de las anteriores)

101. ¿Qué requisito no es necesario que cumplan los vehículos para poder ser adscritos a una autorización de transporte de mercancías?

- a) Tener capacidad de tracción propia.
- b) Estar matriculados y habilitados para circular.
- c) No tener pendientes de abono ninguna sanción de tráfico.
- d) Hallarse vigente la última inspección técnica periódica que legalmente le corresponda.

102. Un transportista de mercancías por carretera, que sea titular de una licencia comunitaria, estará autorizado para efectuar en régimen de cabotaje:

- a) tres transportes por Estado miembro en los tres días siguientes a la entrada en vacío en el territorio de dicho Estado.
- b) dos transportes por Estado miembro en los tres días siguientes a la entrada en vacío en el territorio de dicho Estado.
- c) un transporte por Estado miembro en los tres días siguientes a la entrada en vacío en el territorio de dicho Estado.
- d) No puede realizar ningún transporte de cabotaje si entra en vacío en el Estado de acogida.

103. ¿Cuáles son los plazos de presentación de las declaraciones trimestrales para un transportista acogido al régimen de estimación objetiva del IRPF?

- a) Desde el día 1 hasta el 20 de los meses de abril, julio y octubre, y desde el día 1 hasta el 30 del mes de enero.
- b) Desde el día 1 hasta el 15 de los meses de abril, julio y octubre, y desde el día 1 hasta el 25 del mes de enero.
- c) Desde el día 1 hasta el 20 de los meses de abril, julio y octubre, y desde el día 1 hasta el 31 del mes de enero.
- d) Desde el día 1 hasta el 15 de los meses de abril, julio y octubre, y desde el día 1 hasta el 30 del mes de enero.

91. **¿Qué se anotará en el Libro registro de facturas expedidas?**
- a) Se anotan, siempre una por una, todas las facturas emitidas sin excepción.
 b) Se anotan todas las facturas emitidas, una por una o mediante asientos resumenes que se refieran, como máximo, a las operaciones devengadas en el mismo mes natural y con el mismo tipo impositivo.
 c) Se anotan todas las facturas emitidas, una por una o mediante asientos resumenes que se refieran, como máximo, a las operaciones del mismo día y con el mismo tipo impositivo.
